



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 7 de febreiro de 2018**.

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 31 de xaneiro de 2018.
2. Concédese licenza para legalización de vivenda unifamiliar illada en Aneal, 3D, Sta. María do Campo, Marín.
3. Concédese licenza para reforma de vivenda acaroada en Bda. Favarizas, nº 18, Marín.
4. Concédese licenza de obras de cambio de cuberta en vivenda unifamiliar en Camiño Pedreiras do Medio, nº 23, Marín.
5. Apróbase o proxecto de "Pavimentación e mellora de camiño rural Cemiterio de Sto. Tomé de Piñeiro-A Esperela", incluído no Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, cun orzamento de 49.111,76 euros.
6. Apróbase o proxecto de "Mellora e renovación do alumeadado público exterior do Parque Eguren", cun orzamento de 39.927,05 euros.
7. Apróbase o proxecto de "Restauración do Cruceiro das Sete Espadas", cun orzamento de 4.338,53 euros.
8. Solicítase subvención por importe de 111.000,96 euros á Consellería de Economía, Emprego e Industria, ao abeiro das subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o ano 2018, con destino ó proxecto denominado "Salvamento e Socorrismo".
9. Solicítase subvención do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2018 con destino á realización da obra denominada "Mellora e renovación do alumeadado público exterior do Parque Eguren", por importe de 39.927,05 euros.
10. Solicítase subvención por importe de 102.242,00 euros á Consellería de Economía, Emprego e Industria, ao abeiro das subvencións para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia, con destino ó proxecto denominado "Apoio ao servizo de obras públicas".
11. Dáse conta das bases reguladoras das subvencións para o fomento da comercialización da artesanía galega e impulso da competitividade do sector artesán e convocatoria para o ano 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
12. Dáse conta das bases reguladoras das subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia e convocatoria para o ano 2018, da Axencia Turismo de Galicia.
13. Dáse conta das bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e convocatoria para o ano 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
14. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguinte asunto:

1. Concédese licenza para a instalación de ascensor en edificio sito na rúa Jaime Janer, nº 67, Marín.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300027CA000Y2G8P6E6L4S9 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20190162976
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 20/02/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/02/2019 12:55:37	Fecha: 20/02/2019 Hora: 12:55